

RUM. 13

1-XI-22

nós.

CASTELAO



BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA,
ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS."

DIREITOR:

Vicente Risco

REDAUTOR XEFE:

Xavier Prado (*Lameiro*)

Ramón Cabanillas,

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

REDAUTORES:

Alfonso R. Castelao,

Antón Lousada Diéguez,

Florentino L. Cuevillas,

Lenter González Salgado

XERENTE:

Arturo Noguerol

SUB-XERENTE

Alfonso V. Monxardín

Ramón Otero Pedrayo,

COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan V. Viqueira, Philéas Lebesgue, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo L. Abente, Manoel Banet Fontenla, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdova, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Farruco Lamas, Euxenio Montes, Fernández Mazas, Souza Aguiar, Cunha Barros, Xan Aznar Ponte, F. Bouza Brey, Lois Huici, Ramón Villar Ponte, Handicap, Roberto Blanco Torres, Primitivo R. Sanjurjo, Xosé Viso (*Goal*), Francisca Herrera Garrido, Hernani Cidade, Camilo Díaz, Manoel M. Risco, Francisco Luis Bernárdez, etc.

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Praza do Ferro, 6

ADEMINISTRACIÓN

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península. 6 ptas.

Na Arxentina. 6 pesos

En Cuba 3 dólares

Números atrasados 3 ptas. Número sóto, 1 pta.

Iste boletín non publica máis orixinais que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección.—Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo das que por non iren rubradas, enténdese que son da Redacción.

SUMARIO

Leonardo Rodríguez.

Do meu diario, por CASTELAO.

A escrava, por AMADOR VILLAR.

O Filósofo de Tuy, por XAN AZNAR.

Sección Arqueolóxica, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

Archivo Filolóxico e etnográfico de Galiza, por E. PEINADOR LINES.

Notas deportivas, por GOAL.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Fóra de testo: Estética da Muíña (separabre), por E. MONTES.

Augaforte, por XULIO PRIETO.

A Muíña, por MÉNDEZ.

MANUEL SEOANE ♦**AXENCIA DE FERROCARRILES**
Ponte Mayor. - OURENSE

MADEIRAS LABRADAS DE TODAS CLASES M M MÉRCANSE APEAS PRA MINAS

SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

*Ponte Mayor y - Ourense***GRAN CAFÉ "LA UNION,"**

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

BILLARES - VARIETÉS - SEXTETONóvos propietarios: **MANUEL VAZQUEZ :-: EULOGIO ALBERTE**

PEREIRA, 13

TELÉFONO NÚM. 61

SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

DON MANUEL POL PIÑEIRO

CO' A COPERANZA DOS DOUTORES

D. Francisco José Rionegro :-: D. Manuel Bouzo Fernández

Iste establecemento está situado na carretera da Lonia, e conta con un completo gabinete de RAYOS X.

Depósito de madeiras de todas clases pra construción e carpintería en xeneral.

LÓPEZ E RUIZTelegramas e Telefonemas
LÓPEZ RUIZCódex: A. B. C. 5.ª edición
TELÉFONO : 198**AVENIDA DE BUENOS AIRES, 31**

(Ó lado do Aílo de Ancianos Desamparados)

OURENSE

Postes e travesas pra camiños de ferro :-: Serrería mecánica e fabricación de toda clase de caixaería.

NOS

Casa "PERILLE,"

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL
MOEBLES ECONOMECOS E DE LUXO
FRABICACION DE COLCHOS PATENTADOS

Vestede pode montal-a sua casa con solo visitar iste establecimiento, obtendo o maximum d' economia.

Paz N6voa, 9 - OURENSE

GRAN "HOTEL MIÑO," OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCION CENTRAL
AMPLIAS HABITACIOS :: COARTOS DE BAÑO
PENSION COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Propietario: GASPARE PEREZ ROBLES

Teléfono 21

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDÁS OS REVENEDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPERSENTANTE N - A ARXENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 296

BUENOS AIRES



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE "NÓS,,

Ano III

Ourense 25 de Agosto 1922

Núm. 12

LEONARDO RODRÍGUEZ

Conóscelo estivo dende o principio, cando NÓS era unha idea aínda sen realidade. Sintiu o grande e o difícl do noso esforzo, e aloumiñounos coa súa axuda e co seu consello. Quixo formar no noso fato aprexado e perseverante e traballar conóscelo; quixo ser e foi dos de NÓS.

Tivo os nósos mesmos desacougos, a nósos mesma cobiza arelante, o nósos mesmo xeito d'enxergal-o porvir.

Ollou coma nós, no mañá lumioso, unha Galiza esperta e ceibe, rexurdida das marañas do seu sono, reintegrada no seu ser enxebre y-europeo, nas súas bariles enerxías ancestrás. No seu peito xeneroso petara moi forte a sagra chamada da Terra, e o seu espírito fondo e recollido—que si Leonardo tivo as virtudes do home púbrico, as da loita e da realización políteca, mais aínda tivo de home de meditación e de pensamento, de traballador silencioso—logo soupo ver qu' os tempos eran chegados.

E aportou a súa axuda á obra do NÓS, e concibeu a obra fermosa das «Roladas», e deu un xeito galego á políteca da nósos Terra, e animou e alentou total-as nósos ansias de redención e de rexurdimento... A súa i-alma cobizaba algo moi grande qu' a morte lle non deixou acometer.

Deus nol-o levou, e levounos co' il moitas espranzas lumiosas. A súa lembranza ha ser pra nós inesquecente. Tiñámoslle un gran respeito e un gran cariño.



DO MEU DIARIO

*Dend' o mes de San Xoan ó da núa Señora,
en Bélxica.*



Bélxica que ollei dend' o tren fala d'un traballo tan intenso que aguña o corazón. Pol-a paisaxe amañada con ringleiras de árbores prantados á fío e derreiros pol-o sul, érguense aeito chimeneas xigantes que botan bafaradas negras do inferno. Pol-os carreiros da paisaxe as formiguiñas do traballo van e veñen acarretando palliñas ós seus formigueiros. A Bélxica que fitei non será terra de beatas, cicais non-o sexa tampouco de homes; é terra de formigas. A natureza está martirizada.

No intre que fitei París á carón das *chimères* de *Notre Dame* o meu ruralismo moqueouse dos homes *civilizados* que se gaban d'unha obra que mai-los asemella ás formigas que ós homes, e pensei na miña terra onde a Natureza é libre, onde o home é un anaquiño de Deus. Pois ben; na Bélxica que ollei, o campo está orgaizado ó xeito cibdadán, afogad' a poesía da paisaxe, esmagad' o Deus que se amosra no *casual* da Natureza. Dixérase que na Walonia aínda reina o señor da *Tour Eiffel*.

En Bruselas o patrón do Hotel louboume a cidade chamándolle «un petit Paris». Cando saí á rua sempre me desexa «un beau amusement».

A *Grande Place* deixoume encorado pol-a admiración. O Pazo do Concello, o *Pazo do Rey*, as

Casas dos antigos gremios, falan d'un traballo acougado, feito pasenifamente por un pobo de artistas, e n-iste vello *forum* brabanzón, o desexo imperialista dos pobos militares foi deixando nas pedras o cuño das súas ferraduras. E oxe a *Grande Place* non é mais que un Museu pr' os ategados de progreso e conqueridores do Congo.

No Museu antigo de Pintura doume xenreira fitar amparados baix' o mesmo teito as xoias dos primitivos e as manteigas cooreadas de Rubens.

Tamen nas eirexas de Bruselas trunfa o Xesús parisino que amosra indiferente un corazón arbitrario bordado na roupa. Os cristianos de pouca fé non adourarían á Xesús abrindose o peito co-as maus pr' amosrar ó pobo o seu propio corazón. Matías Grünewald esquecido pol-a súa «sauvagerie sanguinaire», o Greco pol-a súa extravagancia, chamemos ás condesas e marquesas pra imaxinar símbolos cristianos.

O fado levoume diante da estatua erguida á memoria de Ferrer. Disque isa figura de bronce alongada car' o eco, com' as figuras do Greco, simboliza a libértá de conciencia... En coído que a libértá de conciencia dos *avanzados* ó xeito de Ferrer, non pode representarse n'unha figura alongada verticalmente, e pareceríame mais axeitado á verdade se o símbolo fose alongado horizontalmente e á carón do chan.

Visitei o «Salón de primavera» orgaizado pol-a *Société Royale des Beaux-Arts*. Os belgas pintores teñen esquecido de todo a súa tradición

e non se atopa un solo que faga arte nazonal. Pintan encoiros ó xeito de París, paisaxes impresionistas e cadros grandes que cheiran á *envies de Roma*. Todos falan francés c' un acento detestabel que os convirte en parisinos de terceiro orden. Pol-o de agora paréceme que saín de Francia pra meterme n-unha colonia espiritual de París.

No Museu antigo de Pintura esquezo axiña o engullo que me dou o «Salón de primavera». Un ben-estar que non se pode decir é o que me leva ó Museu mañán e tarde. A impresión que me don-a pintura flamenga denantes de Rubens, fíxome comprender que a Pintura é o arte máis fondo. Berrando, chorando, rindo, batendo as maus, podemos nós botar fora o antusiasmo pol-a música; abrindo a boca e botando adxetivos dispois por ela, podemos acougal-a nosa admiración diante d' unha catedral; o Arte do *Renaissance* deica hoxe dónanos unha impresión de Beleza eispresabel tamén. Pero diante do Arte xurdo e homilde dos primitivos o antusiasmo fica preso pra sempre dentro de nós, porque as verbas serían cativas e os xestos ruins pra botalo fora. Iste antusiasmo meu, convertido en amor (o arte primitivo flamengo nasce da Gracia máis que da Beleza) levareino conmigo á miña Terra e queira Deus que florea.

¡Canto se deprende co Bosch, con Breughel o Vello e con Huys! «As tentacións de San Antón» do Bosch, a «Caída dos anxos rebeldes» de Breughel e o «Xuício derradeiro» de Huys abundarían pra renovar un Arte. Acugulados de humorismo san, do bó humorismo que hoxe chaman británico, teñen un dibuxo onde locen as simplificacións eispresivas das que nos gabamos os modernos.

N' unha casa dos antigos gremios hai unha Verdade. É unha figura clásica c' un libro aberto n' unha mán e unha águia de pedra dourada ós seus pes. Ista Verdade é un pouco máis vella que as Verdades de París.

Vir á Bruselas e non falar de *Maneken Pis*, o «plus vieux bourgeois» sería medo de non decir nada orixinal. Eu contentareime con darvos unha nova: *Maneken Pis* foi nomeado oficialmente cabo do exército belga por non cortárselle a súa función cánd' os alemáns dominaron a cidade.

Un dos nosos intelectuales díxome cando vin pra eiqui: «Vas quedar asombrado cando conozal' as obras de Wiertz». E xa fítel o Museu Wiertz e máis non estou asombrado. Non hai en tod' a obra do artista máis que un desexo de superar á Rubens imitándoo, unha arela fanada de inmortalidade. O Museu está arranxado no mesmo taller que foi do artista e abondará des-

cribir unha soia obra do xénero das de *trompe-l'œil*. É unha escea arrepiante que ten de ollarse por un buraco: n' unha bodega chea de humidade (hai un sapo riba d' unha calivera) aparece unha morea de ataúdes de pino sen cepillar; a tapadeira d' unha caixa está medeo erguida pol-o esforzo d' unha probe vella que... morrera do cólera; na madeira do ataúde está pegado un certificado de defunción con dúas firmas e un selo (a carón do certificado gabea unha araña); a tapadeira ten unha cruz pintada con chapapote. O saír petoume o desexo de plantarme na porta e poñerme á berrar con todol' os meus folgos: ¡¡Pasen, pasen, señores!!

Con todo Wiertz foi un home intresante, un bó flamengo que odiou á París anque estaba saturado de ideas francesas, pois o seu millor cadro xigante «Trunfo de Cristo» non é máis que un efento da *vague laïque* do século derradeiro, racionalista, n' ista humanización do símbolo fundamental. Por xenreira que lle tiña á París e por demostrar que alí o bó non trunfaba sempre, púxolle a súa firma ón cadro de Rubens e mandouno á unha exposición parisina, onde foi refusedo. ¡Que barbaridade! decirían todos cantos souperon o socedido; mais eu penso que o Xurado obrou en xusticia. O feito sómentes ven á demostrar que Rubens fixo cadros que iforando que son seus, non serían ademitidos n' unha Exposición, aínda no tempo de Wiertz.

Non podo afacerme a miral-os encoiros que pinton Rubens. Tanta carne e tanta verdade engúllanme. Os encoiros de muller teñen unha pel tan fina... Parece que as despellicaron c' unha navalla da barba, que les quitaron a epidermis deixándolle o coiro a punto d' escomenzar a rever sangue. Á min córtanseme os dentes imaxinándome que les paso un dedo docemente tod' o longo do corpo e que elas carpen de door... Ista mulleres de Rubens non son pr' acarfiar; non.

Ceguei á Gante. Pillei un coche e díxenlle ó cocheiro que me levase pol-os sitios da súa preferencia. Abofé que ista proba é intresante. O cocheiro levoume cara o porto, paseándome pol-a parte nova, onde está a vida de Gante. I-é que pra iste flamengo, coma pra todos cantos viven do traballo, o que non se come non é fermoso e aínda os seus divertimentos fanse con comidas e bebidas... Prefiren unha pataca á un caravel. O pior de todo é que polda que teñan razón e que os antigos traballadores que ergueron as casas das Corporacións tivesen outro conecento da beleza como tamen-o tñían do traballo.

En Gante iso que chaman *ridículo* xa non ten importancia. Un respetabel señor de levita e luvvas brancas acaba de pasar pedaleando n' unha

bicicleta. Elqui xa poden empezar a rirse da inocencia sen iforancia os iforantes sen inocencia.

O políptico dos irmáns Van Eyck, comprobante xá dende que os alemáns entregaron as tabuas que tiñan en Berlin, é incomparable. Quince días vivin pra vel-o e a vida d'un home sería pouco pra estudalo. Deica hoxe non hai pra min mais que dúas obras definitivas: o *Pórtico da Gloria* do mestre Mateos e a *Adoración do Año místico* dos Van Eyck.

Eiqui colleume a nova do desastre de Anual e ó ler os periódicos de Madri postos á venda n'estas terras, que viviron no estrondo da gran guerra, lembreime, cicais amargurado, d'aquíl probe home do Padrón que morrera afogado n'unha chea do río e logo no ceo intentou asombrar á Noé...

O Museu é ben simpático por certo; abonda que non teña Sala de Rubens. Moí ben de primitivos e de modernos. «O camiño do calvario» do Bosch amostra uns xudeus nos que a coor arbitraria das suas facianas interven como xelto d'elapresión de calidades moraes; como caricatura paréceme fundamental e no tocante ó humor, abonda decir que un dos xudeus leva un *pataco* apegado na testa, riba d'un bocho amaratado.

Eu fitei a luz amarela do sol deitando pol-os ventanaes do *Beffroi* enriba dos atramallios do Carillón, escachándose en mil anacos nas trabes e nas campás, e comprendin que a luz do arte, aínda sendo a meirande e mais pura creación do espírito do home, é inferior á simple raiola do sol que s'escacha en armonias xeométricas.

Xa estou en Bruxas, a morta. Os canales pintaos calquera. Non hai inglesa fea nin fidalguíña hespañola, das que saben francés e piano que non poida faguer un par de cadros pra pendurar á veira d'un reló de parede. Todo está amañadiño pra pintar; mais á min paréceme que Bruxas é mañífica pra meditar cos ollos pechados. Os retratos invertidos das casas que tremen no fondo das angas cheas de cardenillo, e logo iste gran silencio que apaga no meu maxin abrouxado todol-os bruidos que trouxen de París.

Sentinme un pouco femia e collin un bote pra pasear río arriba, río abaixo. O sol do serán batía nas puntas mais outas e nas angas verdeneiras había reflexos tristes. Encendín un pitillo e ó dal-a primeira chupada comenzo un concerto de carrillón que por non esperalo emocionoume tanto que as bagullas rompían por saír, e así, deitado no bote e sabendo na fermosura en que estaba, pechei os ollos e chegou a morriña.

París val tanto que se mo désen vendia-o; Bruxas gústame tanto que se tivese diñeiro mercába-a.

Eiqui todo é vello ou novo imitando antigo. Entrei n'un cine do século XVI.

Pra espelir o cansazo que me deron a calor e os Museus saín pol-a noite, á veira dos canales. Acochado na escuridade, non sei as ideas velaiñas que buliron na miña testa. Os canales negros sementados de almas do outro mundo, fan rezar. Pasan os cisnes i-eu avergónzome da miña sensibilidade. E ó seguinte día, sinto por primeira vez n'iste viaxe a frebe do traballo.

N'istas lixeiras impresións non cabe falar dos Museus antigos, onde Van Eyck, Memling e Van der Goes (realismo, idealismo e misticismo) fan da *Veneia do Norte* un santuario pr'os pintores. O Museu de Arte moderno, é d'unha catívez espantabel.

Amberes, cibdade toda tráfego e cosmopolitismo, ten orgulo en sere testa e corazón do movemento «activista» qu'está barrendo de Flándes a civilización allea importada pol-o Estado belga. Amberes fartouse de falar francés e agora volve a falar flamengo. Certo é que o seu porto non vive da importación de mercancías, nin da exportación de carne humán...

As greas de mariñeiros de todas as castes enchen as ruas veciñas do porto, e no devalar do día, comenza o barullo estúpido das pianolas chocas, e a traxedia das cántigas á gorxa rachada. As portas das tabernas cheiran á boca de borracho. En procura d'un mariñeiro de alá vagariñei moito tempo pol-as rúas emponzoñadas e unha noite fun dar ó porto cheo de barcos e de gruas pra tan pouca auga. Cando voltei pr'a casa o corpo tremíame de noxo coma se morde-se unha chinche cos dentes.

Non se pode coñecer ben a Rubens cando aínda non se ten visitado a Catedral de Amberes... Entrei, pois, na Catedral. Os cadros do gran mestre están tapados com'os santos na coaresma. Cantos estabamos na Catedral fómounos sentando diante do altar maior, por mandado amistoso d'un home de levita. O home da levita recolleu un *franco* de cada un de nós, adiantouse, tirou d'unha corda e pouco á pouco foi aparecendo diante dos nosos ollos a gran obra do mestre. O home da levita díxonos que o roupaxe da Virxen era azul, por se nós estivésemos cegos pra vel-o. ¿Pra qué falar dos cadros? A Virxen é a segunda muller de Rubens, o San Xoán é Van Dyck. ¡Axoenlládevos e rezade!

No Museu de Pintura, como de cote, trunfan os primitivos. O retrato de Sforzore Spinelli por Memling, «Os sete sacramentos» de Van der

Weyden e o «Enterro de Cristo» de Massys, abundan pra xustificar un viaxe á Amberes. N-un cadro de Breughel o vello, hai un galo e tres galiñas peteirando no chan, que teñen tod' a simplicidade elspresiva dos xaponeses.

No Museu Plantin pódese seguir tod' a estoria da imprenta. Velahí un gran Museu no que os amadores do libro sentirán mil desexos de roubar.

Denantes de saír pr' Alemaña, quero deixar apuntado que non fun á Ostende. Un *pito* madrileño, que fai que estuda na Universidade de Gante, cando tal soupo desprecioume sinceramente.

En Bélxica non fitei mais que unha fronteira: a que arreda os walons dos flamengos.

CASTELAO.

ESCRAVA

*No cume da serra ás veces descanso,
E dende elí escoito, xa bravo, xa manso,
Da Escrava fermosa doido xemer;
E coido que ferve y-en min que reventa
Volcán autívísimo qu' o peito atormenta,
Que todo s' aluma rabioso o meu ser.*

*& dendes d' altura que vence ós mais montes,
Eu vexo a llanura, contemplo hourizontes...
Maxínome águia que vou á voar
Ó ceo roubarlle os rayos que encerra,
Pras feras lanzarllos, limpando esi a terra,
I' á Escrava librando d' inmenso penar.*

*& canto arroubado con voz fera e forte
Un canto de guerra, un canto de morte,
E n' il m' acompaña moi fondo rumor
Dos pinos cercanos que cobren a serra,
Pra quen lles é grato meu canto de guerra,
Meu canto de morte, meu canto de horror.*

*¡Si! níl m' acompañan de rabia lamentos,
Que levan os ríos, que traen os ventos,
Que nacen na aldea, na vila é ciudá;
I'a céltica Musa seus cantos m' envía,
De santos amores salvaxe harmonía,
Que agrandan a vida, pois tran libértá.*

*Mais sigue da Escrava a vida d' horrores,
Da Escrava garrida que ten seus amores,
Cal nai garimosa, gardados pra vós;
Pra vós, rexos moços, xentís cabaleiros;*

*Pra vós, pra quen garda, de santos loureiros,
As cróas ganadas por libres abós.*

*Que fuxan os lobos da fouce bravía,
Que fuxan os mouchos que temen ó día,
Que nova alborada vexamos brilar;
Adiante, voade, galegos valentes,
Qu' ós nosos tiranos, que son incrementos,
Un canto de morte lles hai que cantar.*

*Eu soño sin dúbida e quedo soñando
Qu' os ferros da Escrava xa ll' imos limando...
Mais cando m' esperto e vexo qu' entón
É todo baralla, é todo podremia,
Que todos se queixan con pranto de femia,
Ajógase asqueado o meu curazón!*

*Si todos teus males, Escrava quirida,
Padeces x' hai tempo, porqu' eres sofrida,
¿Qué fan os teus fillos? ¿Il xordos están?
Que ruban, que ruban, da serra hastr' ó cume,
I' a céltica Musa qu' entón os alume,
I' on canto de morte tamén cantarán.*

AMADOR VILLAR

ÓS LEUTORES DE NÓS

Sería valeira e inútil toda gabanza de nós mesmos. Ás descrições das melloras que arraxamos supera a vista do presente número. Endebén, precisamos de referirlas pra xustificar o aumento de precio que a revista terá, dende agora en adiante.

A periodicidade será exacta. Nosa lista de colaboradores foi aumentada coas firmas das mais doutas realidades galegas, e as mais fortes esperanzas da Galiza do porvir. As páxinas de texto foron aumentadas hastra vinte e catro, e n-elas haberá á oito fermosos orixinaes plásticos a todo cor. A portada foi trocada por unha portada do noso Castela a todo cor tamén. No texto figurarán seleutas traducións dos mellores literatos extranxeiros, e entre os anuncios haberáos artísticos, con belos grabados de Fernández Mazas.

NÓS chegou a ser o órgano sonado da cultura galega e espallará por todo o mundo esa nova cultura.

NÓS non ten que invexar ás mellores revistas estranxeiras.



O FILÓSOFO DE TUY

COMENTARIO E TRADUCIÓN DIREITA DO LATIN DO TRATADO
DO EXCÉPTICO HESPAÑOL FRANCISCO SÁNCHEZ, TITULADO

QUOD NIHIL SCITUR

Que nada se sabe

Ó LEITOR



INNATO é no home o querer saber: á poucos se lles concede o saberen querer: á moi poucos o saberen. Non tiven eu sorte distinta da dos outros. Dend'a miña primeira idade, inclinado á contemplación

da natureza, inquiría minuciosamente todol'os seus segredos. E aínda que ó principio o meu espírito degarado por saber, contentábase con calquera mantenza que se l'oferecese, pouco tempo despois, atacado d'indixestión, principiou á vomitalos todos. Trataba enton de ver si había algún coñecimento inteiramente asimilable e que me dera satisfacción cumprida: nada había qu'enchera o meu degaro. Percorría as afirmacións dos antigos; tentaba penetrar nos pensamentos dos contemporáneos; respondían igual, absolutamente nada que me satisfacera. Confeso qu'algús aparentaban certas sombras de verdade, mais ningún achei qu'amostrase sincera e plenamente de que xeito tiña un que xuzgar en

col das cousas. *Entón metínme dentro de min mesmo e pondo en dúbida toda'as cousas coma si hastra enton nada se tivera dito, principiéi á ensamiñalas en si mesmas*, que é o verdadeiro modo de saber. Remontábame deic'ós primeiros principios; y-entregado á súa contemplación, canto mais pensaba mais dudaba; nada puden comprender perfectamente. Eu desespraba. Persistín, non embargante, mais aínda. Chegueime ós doutores buscando n-iles degaradamente a verdade. E que me responderon? Cada un tíñase armado unha cencia coas alleas ou coas propias maxinacións: d'estas inferían outras e d'estas, outras do mesmo xeito, sen atenderen ás cousas mesmas; co'elas tiñan costruído un laberinto de verbas sen fundamento ningún de verdade; co'él non entenderás os fenómenos naturais; mais deprendera-la textura de novas cousas e finximentos de cula intelixencia ningún espírito é capás. Pois, quen hai que comprenda cousas que non eisen? Os Átimos de Demócrito, as Ideias de Platón, os Números de Pitágoras, os Universaes d'Aristóteles, o entendimento axente e as intelixencias? Co'isto pescan ós iñorantes, presentándose coma reveladores das cousas descoñecidas e ocultas da natureza. Istes creenos e facilmente corren car' Aristóteles, léeno, medítano, depreñ-

dono de memoria; e teñen coma mais doudo ó que sabe recitar mais textos d'Aristóteles. Se lles negal-a cousa mais insignificante, fanse os mudos; non embargante, chámante blasfemo; e s'argumentas en contra, sofista. E que lle vas faguer, disgraciado? Sigán enganados os qu'o queiran ser. Non ha faltar, emporiso, antr' lles algún que tendo leído os meus escritos sen entendelaos—él que sabe o burro do son da lira?—me queira ferir cos seus dentes; mail-o martelo crébase contr' o diamante, e a Serpe d'Esopo, querendo roer na lima, crebrou os dentes. Eu dirixome á aqueles que se non sintindo obrigados a xuraren nas verbas do mestre, examinen as cousas por si mesmos, guiados pol-os sentidos e a razón. Ti, logo, quen queira que sexas, da mesma condición e temperamento ca min, que tantas veces dudaches da natureza das cousas, duda agora comigo: exercitemol-os dous á par o noso inxenio; o meu xuício ha ser libre, mais non irracional. O mesmo concedo e pido pra ti. Mais, cecals ti digas: Despois de tantos e tan ilustres varons, que podes tragner ti de novo? Ou é que a verdade agardaba por ti? De ningún xeito, mais tampouco enantes agardaba por lles. Nada hay novo: sendo así, porqué escribiu Aristóteles? ou, porqué hemos calar nós? Seica Aristóteles determinou o poder todo da natureza y-abarcou todo o universo? Nono hey creer inda que m'o padriquen algúns modernos, doutísimos en verdade, mais demasiado adiutos á il, chamándolle encima o Diutador da Verdade, o tribunal da verdade, o dominio da verdade, epítetos realmente dinos de tan ilustre loubado e de tan ilustres panexiristas, pro que mais parecen e merecen buscala gloria pol-a loubanza d'outro e mais pol-a campá das verbas, que non pol-o dominio da verdade. (1) Cantas cousas alleas á verdade non hai en Aristóteles? De certo moitas, coma no seu lugar veremos. E ises agudísimos discípulos e panexiristas, arredáronse d' il en moitas cousas; impulsados, creo eu, pol-o propio tribunal da Verdade, á non ser qu'o fixeran por ambición y-envexa. Eu teño á Aristóteles por un dos que mais valen antr' os agudísimos escudriñadores da natureza; e por un dos mais admirables inxenios no medio da debile natureza humana. Mais non aseguraría qu'endexamais teña errado; antes ben afirmo qu' inforou moitas cousas, qu'en moitas andivo vacilante, que transmitiu non poucas confusamente, outras abreviouas d'abondo, algunhas calounas, e non s'estreveu á tocalas. Home era coma nós, e

moitas veces contra a súa vontade descubriu a torpeza e debilidade do espírito human. Nós tamen con gran pesar manifestamos, exercitamos e sufrimos eiqui a mesma debilidade, cando pensando moito atopamos que canto mais nos alonxamos das vellas opinions, parécenos qu'estamos mais perto da verdade. Tal é o noso xuício; com'os tempos veñen tras dos tempos, así cambian as opinións dos homes: cada un pensa ter atopado a verdade, sendo así que de mil qu'opinan distintamente, sementes un pode tela atopado. Permitaseme, logo, á min coma ós máis ou tamen sen lles, investigal' o mesmo: poda qu'o alcance. Pois moitos cás cazan a presa mais facilmente que non un sóio. E non t'ademiñe, se despois de tantos e tan ilustres varons coma ti dis, eu tan pequeno coma son, veño movel-a pedra: tamen algunha vez rompeu un rato as ligaduras qu'ataban á un león. Non por iso che prometo a verdade, porque, com'as demais cousas, nona sei; mais heina investigar canto me for posibre, á fin de que descuberta e sacada dos seus escondites, podas ti perseguilla. Con todo, non esperes alcanzala endexamais, nin podela deter; que ch'abonde á ti com'á min con perseguilla. Iste é o meu propósito; iste é o meu fin; iste debe ser tamen o teu. Esto proposto, començando pol-os primeiros principios das cousas, examinaremos os capítulos mais importantes da Filosofía dos que mais facilmente despois pódense colexir os demais. N-istes non me hei deter moito, pois, o camiño (método) irei buscalo á meiciña da que son profesor e cuyos principios dependen da especulación filosófica; d'iste xeito, e unha sóia mau moveremos duas pedras; d'outra maneira a vida non chegaría pra nada. Por isto teráseme que perdoar, se namentras indago a verdade, menosprecio detalles minuciosos. Non esperes, pois, de min, un estilo polido e adornado. Podería faguelo, se quixera; mais fuxe a verdade namentras rebuscamos verbas pro discurso y-empregamos sotilezas; isto é pagarse de verbas. S'isto queres, pídello á Cicerón, qu'o tiña por oficio; o qu'eu diga, ha ser belo d'abondo, si é verdadeiro. As belas verbas conveñen ós oradores, ós poetas, ós cortesanos, ós namorados, ás meretrices, ós seductores, aduladores, parásitos e outras persoas somellantes, pr'as que falar ben é un fin. Á Cencia abóndalle e aínda cómprelle a propiedade do linguaxe, cousa que non se pode conciliar co'aquelo. Tampouco me pidas autoridades de moitos ou reverencia cos mestres; cousa mais propia d'un ánimo servil e indouto que non d'un espírito libre e amante da verdade. Indagarei a natureza tendo por guía a razón. A autoridade manda


(1) Na edición de 1581 di: «quam Veritatis in hac enim, ut et in eisdem tribunali, nihil nisi Veritas

AUHA FORTÉ



por Xalio Prieto





creer; a razón demostra: aquela é mais propia pra fe; esta pra cencia. Eu confirmarei coa razón as cousas que me parezan rentamente ditas polos outros e debilitarei as que crea tratadas falsamente. Queira Deus qu' o qu' eu con esprito vixiante traballo pra ti, ti o recibas coa mesma atención e xuzgues rentamente; e qu' as cousas que che parezan falsas, as destrúas con razóns sólidas—o que é propio do filósofo e pra min moi grato—e non con baixos aldraxes—proprios das mulleres, indinos d' un filósofo, e pra min moi desagradables—coma fan os envexosos e os iforantes: as que che parezan razonabres, ogallá qu' as aprobes e confirmes. Agardo qu' así soceda e ti agarda cousas mais importantes dentro de pouco tempo. Adeus!

QUE NADA SE SABE

Nin xiquera sei isto soio: *que non sei nada*; e aínda sospeito que nin eu, nin os demais. Sirvame de bandeira esa proposición, despois da que virá esta outra: nada se sabe.

Si a soupera probar con razón, concruirei que nada soupen; se nono soupera, demostrarei na aínda millor, por que iso é o qu' afirmaba. Mais has dicir: si o sabes probar seguirase o contrario, porque xa sabes algo. Mais eu concruín primeiro o contrario, enantes que ti m' argües.

Xa empezo a entrubial-o asunto; d' isto mesmo síguese nada saberse. Cecais non comprendiches e chámasme iforante e caviloso. Verdá díxeches. Millor chamareicho eu a ti, por que non comprendiches. Os dous somos, logo, iforantes. Logo xa concruiches, non sabendo; o qu' eu buscaba. S' entendichel-a ambigüedade da consecuencia, viches manifestamente que nada se sabe. N-outro caso, pensa, distingue, e desfaiame o fudo.

Agua o inxenio. Sigo: tomémol-o nome, coma punto de partida. Pra min certamente, toda definición e caxeque toda cuestión é nominal. Espricareime. Non podemos coñecer as esencia das cousas, eu ó menos, nonas coñezo. Si díxeras qu' as coñecías ti, boeno; non hei disputar, mais é falso. En efecto, porque ti millor ca min?

E d' isto nada sabemos. Mais, si nonas coñecemos, en virtude de qué as imos demostrar? en virtude de nada. Ti, non embargante, dis sel-a definición a que demostra a natureza da cousa. Dam' unha. Nona tés. Pois concruio. Ademais, com' imporemos nomes á cousa que non coñecemos? Nono vexo. E mais hainos.

D' eiqui a perpetua dúbida tocantes ós nomes e moita confusión e falacia nos vocabros, e aínda en todas esas cousas ás que me referin fai pou-

co. Concrúe ti. Has dicir que definel-a cousa (non a verba) na que consiste o home, co-esta definición: Animal racional mortal. Nego. Porque volvo dudar da verba animal, e da racional e do outro. Definirás, á iste propósito, tales cousas pol-os xéneros superiores e as diferencias, com' adoitas dicir, deica chegar ó Ente. Igual hei perguntar de cada un dos nomes. Por fin, do derradeiro Ente, nin tan xiquera sabel-o que significa. Nono definirás, porqu' asegún ti, non ten xénero superior. Non entendo isto; nin ti tampouco. Non sabes o que poda sel-o Ente. Menos o sei eu. Has dicir, emporiso, que compre por regmate ás cuestións. Isto non resolve a dúbida, nin satisfai ó entendemento. Vés costreñido a iforancia. Alégrome. Eu tamén.—Sigo. O home é unha cousa, mais ti desínala con varios famosos nomes, Ente, sustancia, corpo, vivente, animal, home e por fin, Sócrates. Estas non son verbas? Sen dúbida. Si teñen idéntica significación, son supérfluas; s' indican cousas diversas, xa non é o home unha e a mesma cousa. Dirás: considero no mesmo home varias cousas, ás que dou nomes axeitados. Fas mais dudoso o asunto. Non entendes ó home inteliro, que é algo, denso e percetible polos sentidos, e divídolo en partes tan pequenas qu' escapen ó sentido, certisemo Xuez de todo, e han ser indagadas pol-a razón, engañosa y-escuro. Fas mal, engañasme e mais aínda, á ti propio. Pregunto: qué é o que no home chamas animal, vivente, corpo, sustancia, Ente? Igual qu' enantes, nono sabes. Nin eu; iso é o que buscaba. Falarei, emporiso, en col d' isto mais adiante.

Logo pregunto: qué significa a verba calidade? Qué a verba natureza? Qué as verbas alma e vida? Has dicir: significa isto; eu negareino facilmente, pois, significa outra cousa. Próbao. Recurrirás a Aristóteles. Eu á Cicerón que tiña por oficio amostral-a significación das verbas. Ti dirás que Cicerón non falou con tanta propiedade y-esquisiteza. Eu defenderei o contrario, pois foi Cicerón quen exercía esta arte, e non Aristóteles. Se buscas mais recurrirás á outros escultores da lingua grega ou latina; mais nada se consegue. Non hai antr' iles ningún acordo, ningunha certidume, ningunha estabilidade, nin límite. Cada un divide as verbas ó seu xeito, tórnaas e axéitaas ó seu propósito. D' eiqui tanto tropo, figuras, regras e composicións das que se compón a Gramáteca. Que hay que non pervirtan a Retórica e mais a Poética? Que regras hai de que non abusen? Certamente todos istos exercitan unha inútil locuacidade, mais fano, com' iles din, ó seu gosto e libremente.

Na Dialéctica ou Lóxica exercitan a mesma

locuacidade, aínda que non do mesmo xeito: pois eiquí as verbas pónense en orde, prepáranas pra batalla, ordenanlles que combatan xuntas, nunca separadas; dáselle leises, reprímennas, permítenlles e obríganlas. Finalmente, os retóricos e os poetas son semellantes á aquiles que representan exércitos e campamentos nos xogos y-espectáculos públicos, nos que se quere millor gracia que forza. Os lóxicos, pola contra semellan ós que se preparan en serio pra guerra, nos que convén qu' haxa mais forza que fermosura. Pra todos, as verbas son soldados e trincheiras. A cal d' istes darás mais creto? É dudo-so. Cada un quer que o crean; mais isto non abonda. A sinificación das verbas mais ben, ou por compro, parece depender do pobo, e poriso hanlle ser pedidas á il. Pois quen nos deprende á falar senon foi o vulgo? Por esta razón caxeque todol-os qu' hastr' o presente teñen escrito, colleron por fundamento da discusión aquelas verbas que mais á cotío están no bico dos homes; por eixemplo, Aristóteles, neste pasaxe: «*Tunc nos aliquid scire dicimur cum ejus causas principiaque cognoscimus.*» E Galeno n-ist' outro: «*Sumendum vero et hic omnium consensu approbatum principium; quod omnes homines tunc se sanos existimant, cum etc.*».

Agora ben, no vulgo, atopamos cecais certeza y-estabilidade? De ningún xeito. Sendo así como s' ha d' atopar repouso nas verbas? Xa non tés por ond' escapar. Dirás, se cadra, que s' ha buscar aquela sinificación que primeiro lle foi imposta pol-a usanza. Busca logo esa sinificación; nona acharás. Isto abonda. Non é evidente que toda cuestión é de verbas? Paréceme telo probado xa craramente. Si o negas, confirmará-la proba da cuestión principal; mais aíxíña hase probar millor. Imos ver agora o que s' ha entender pol-a verba *cencia*, pois s' esta non eisiste ninguén poderá en virtú d' ela ser chamado sabio. Que dixó Aristóteles en col da *cencia*? Pois abonda esamíñal-a sua opinión antr' as dos demais—xa qu' il foi un agudisemo investigador da natureza e sígueo a maor parte dos filósofos—porque s' houbese que contender con todos, chegaría o traballo á ser infinito e apartaríamónos da natureza com' íles fan.

Como definiu, logo, Aristóteles, a *cencia*? «*Scientia habitus per demonstrationem acquisitus*» Nono entendo. Esta definición é malísima. É definiu-o escuro pol-o mais escuro. Así engañan ós homes. Que é o hábito? Seino menos aínda. Ti podes dicir qu' o hábito é unha calidade permanente. Agora o entendó menos. Canto mais adiantas, adiantas menos; cantas mais verbas empregas, maor confusión. Remítesme á serie

das categorías e sempre deica chegar ó Ente que non sabes o que é. Cecais se poden reducir todal-as cousas á categorías? Por certo. Que se sigue d' eiquí? Todal-as cousas van parar á un laberinto.

El que son as categorías? Unha longa serie de verbas. É estrano o qu' eu dixen? Pois é certo. Dos nomes, unhos son comunísimos, coma Ente, verdade, o Ben, se queres; outros son menos comú, coma sustancia, corpo; outros son individúas, coma Sócrates, Platon. Os primeiros sinifican todal-as cousas; os segundos moitas; os derradeiros unha soia. Síguese d' eiquí, que cando dicimos: Sócrates é home, e polo tanto animal etc., quérese dar á entender qu' isto qu' eu mostro (enténdese Sócrates) chámase así con nome particular; mais xuntamente co seres que lle son semellantes na forma, desíñase co nome común *home*, xuntamente co cabalo e demais seres que se movén, mais con forma difrente da humana, desíñase coa verba *animal*; comunísimos con todos os demais seres ten o Ente. Igual respecto das outras categorías. Mais aínda non abonda coésto. Non conformes con verbas moi sinxelas, pra faguel-o asunto mais difícil, empregan nomes comú coalgunha diferenca engadida, así, en lugar de home, din *animal racional mortal*; dos cales vocabros, calquera é mais difícil qu' o primeiro. Pois ond' hai moitedume, hai confusión y-escuridade. Mais isto non é nada. Sobre d' isto constrúen cousas maravillosas. Tocantes á esta serie de verbas que chaman categorías, disputan d' unha maneira interminable en col do seu orde, o seu número, a sua orixe, as suas diferencias, as suas propiedades, a redución de todas as cousas á aquelas: estas redúcense directamente, aquelas indireitamente; estas *per se*, aquelas *ratione sui contrarii*; unhas son comú á dúas cousas, outras redúcense con dificultade á unha, e outras non teñen á que se reducir. En consecuencia, anque sexa o ceo, coma non teña cabida n-algunha categoría, xa non eisiste. Que mais hei dicir? D' eiquí chegan á parvadas infinitas.

Enredándose cada vez mais na serie de verbas, precipitándose á si mesmos e ós seus miserables ointes n-un fondo e fastidioso caos. Chea d' isto está a Lóxica d' Aristóteles, e moito mais as Dialécticas que despois escribiron outros mais modernos. Ós nomes que son moi comú chaman xéneros, á outros especies, diferencias, propiedades, indivídios. Se preguntas que sexa todo isto, dinche que é algo común abstraído pol-o entendimento. Fiución d' Aristóteles en nada distinta das ideas de Platon. Falan logo da abstracción e mais do entendimento axente (nova

NO ROMAXE

De alá e de acá do mar pol-os vieiros misóxe-nos, ascenden ó romaxe as xentes aldeás.

Petalízanse no chau orfeós de campanas ledas. A natureza, sin memoria, abre os ollos, e sonríe co sorriso eufórico dos recién nados, e hastra aire e auga parolan miméticos coa terra en tenro son de lería. Unha luz moiré treme no espacio como un meniño ispidido.

Enriba, no outo, onde o monte canso toma folgos com'un arredado niño lonxano, está a ermida huxe festeira; a triste ermida, todo o ano esquecida, culos devotos, únicos son as cativas herbas que se escorzan nas pedras crucificadas do adro, coma na gala balada de Paul Fort. ¡A ermida no outo do monte lanzado ó mar! (¿Non adeviñades como en traslúcido, cando en inspiración atlántica a fala, inda mediterránea, de Coimbra insinuaba a mitoloxía costeira, que houbo un instinto teleolóxico e místico que fixo santificar os montes nadadores? Os cabos litoraes, a un tempo sedentarios e emigrantes, a terra que precura os naufragos misterios, foi, un día unxida de óleos relixiosos en anónima e múltiple benzón popular.) Arrodeando o santuario, en lírico corpo de guardia, se xuntan os piñeiros pra gardal-a santa; os heroicos piñeiros a quen

xa Homero, outro cego coma iles, atribuía na Iliada virtudes bélicas. Baixo as súas ponlas vanse abrindo as ponlas garimosas das almas romeiras, ispidas almas, que anticipando o outo-no, foron sacudindo pol-o camiño limosneiras follas nas bandexas implorantes dos tolleitos.

Pausada, unha muller, entra de xoellos na festa. Tamén o mar se axoella e dalle ós pelin-grís total-as vieiras, onde ha beber dimpois a crara linfa da beatitú.

Exténdense os mozos, com'abanicos en rondas soltas.

Fróración de momentos puros. Pureza do son da gaita que sai virxen do fol, ó xeito do primeiro choro d'un meniño; pureza xeométrica dos foguetes no aire que arrastran no asubío, coas arelas dos rapaces, ronseles de maduros polígonos de estrelas; pureza órfica—¡Ven eiquí Roberto Delaunay!—nos traxes bordados das mozas que tran tamén bordado—huxe é día de festa—no peito os corazóns.

Somentes están tristes os piñeiros; probes, son tan velliños que non poden beilar. E sin embargo, un vento sutil, com'un alento maino—diría o clásico castelán—vaines abanando rítmico. Iste mesmo vento debe abanar tamén ó home

que á meu carón desenrola mímicas estrañas. Xa unha muller, contaxiada com'un espello, reproduce discreta os movementos. As actitudes dialogan e propágase o baile. Esténdese a muiñeira ó redor da ermida coma un salayo; paseño... Pro fagamos nós tamén, pasenño, unha

pausa pra evocación e o comentario, porqu' istes bailarís despiden unha profusa polvareda de suxerencias. Vede asina, com' hastra mín, foi chegando un enxame de lembranzas e meditacións.

A MUIÑEIRA MULLER E DANZA

Dixemos hai un pouco que esa danza que sobra no romaxe se nomea muiñeira. Pro non dixemos inda que muiñeira se nomea tamén a muller que moe no muiño. Non se adica, en Galicia, a muller que moe no muiño, á esta única crase de traballo; non é a moa unha función singular si non un instante máis na feira de traballos que a muller cotidianamente sitúa ante si.

A muller que moe no muiño é a mesma que roza entre as carpazas a lírica sonrisa dos toxos; é a que leva o gando á pacer herba e sol; a que na eira malla, crucificando a noite de alalás, e polo vrau peneira amores e centeo. É a mesma que sacha no millo, onde as mazorecas a decoran e circunscriben como á bárbara virxen africana, e vai pol-as mañás, ind' os ollos aforcados das medrosas visións que chisporroteaban no lar ó anoitecido, co carro á recolleita, mentras o eixe conta ó camiño suas confidencias, e a que, derradeiramente munxe a líquida constelación das vacas de cornos retortos, com' as vereas que rouban ó viaxeiro pavoroso.

É pois o muiño, sementes, un eslabón de traballo, e é a muiñeira á un tempo, por xeneralización, a muller que traballa máis unha danza, é, dilecto homónimo Eugenio D' Ors, pra lembrar tua expresión, un traballo e un xogo.

Pronto hemos ver como a muiñeira danza, surge no muiño pol-a muiñeira muller, e, como asina ollado, estas dúas verbas non son taes si non minutos, instantes subsecuentes de unha mesma verba dinámica.

Místico desdobraemento que fai que un vocabro trefna d'angustias filosóficas e se irise en flecos de orballos suxerentes.

O pobo chega ás veces, por un meteórico berro comprensivo, por unha fugaz penetración diría Spinoza, a agarrar o nómeno de algúns problemas que os metafísicos sementes conquieren agotando os firentes dardos concenatuales, desplegando, en ordenada táctica, as densas falanxes da intelención.

Agora veremos como un fondo aspecto ético, e como o mais fondo aspecto estético, entregaron xenerosos seus segredos cando a mente popular foi raiolada pol-o sol transeunte da intuición.

Recluír nun vocabro un traballo e un xogo ¿non é Xenius, creer coma ti qué traballo e xogo son a mesma cousa, inda que tendendo á distinto fin? Pór un só nome á unha función e unha danza é creer no fondo que función e danza teñen un idéntico común denominador. É creer que a función—traballo—é, en certo senso, un xogo; é creer que a danza—arte, xogo, *Spiel*—é en certo senso un traballo. Baixo a homonimia léxica latea unha creada homonimia real; coma Unamuno suxire, porlle nome ás cousas é crear as cousas mesmas.

Muiñeira, verba que tende un brazo á utilidade e outro brazo á inutilidade canonizada, verba que estreita e xungue, verba que identifica a mais sinxela función corporal, a que precura a manutención, e a mais outa función anímica, a que precura a beleza. Verba estalante de significacións

que Woslér paladexaría con repetido deleite inusitado.

¿Non e verdá Karl Woslér? ¿Díu tu qu' enchiches de sensos estéticos ós idiomas, tu, que no comenzo do teu primeiro libro dixeches que os filólogos esquecían a alma do linguaxe, tu que no «Positivismo e idealismo na ciencia do linguaxe» dixeches que cando Meyer-Lübke

afirma «que os soídos constituíen as sílabas, estas as verbas, as verbas periodos, e os periodos discursos, enuncia unha tesis igual á do que dixese que os membros do corpo constituíen integralmente ó corpo», tu que en teu cantor laboratorio de Heidelberg, quentaches na solana do espírito os engurruñados corazóns das falas, com' apretadas mazorecas ó mor do sol do outono?

O MUIÑO

Eu non sei com' os gregos non crearon pro río en vez do bosque o mito evanescente da ninfa fuxitiva. No bosque ten o mito unha xénese de subxetividá. Cando en procura da i-alma and' o home por il, a i-alma escapa entr' o rumor caquéxico das follas, sin embargo non fuxe, enróscase cal-as cobras polos troncos ergueitos. Sínte o home qu' o bosque emigra. Error, o bosque queda inmóvil. Mentras qu' o río en efento fuxe, non sementes do home, si non do río mesmo.

Houbo non ostante un grego, e egrexia é a escención, que sentiu dend' a súa veira como ó contauto do río nascía impoente no seu peito a filosofía do «pan rhen». Ante o río, Heráclito pensa que todo cambea, que todo muda, lanzando asína unha esdrúxula arela cuia antifona cecais arbitrariamente. Nietzsche, dendo o outo dos montes de Turinxia había de recoller.

Baixa o río, en voo palpitante pol-o val andado. Nemigo das nubes e do ceo, busca os sonitos ispidos ond' a terra se afonda, coma un doutor solfeto que quixese auscultar o corazón frondoso do planeta. Pero hai eiqui un pequeno paxaro sedento que o para. Dalle o muiño o alto

ó río perseguido. E coma un camiñante sosegado óllao dend' orela, mentras á un tempo picotea e canta.

Dentro d' il, ó seu compás, us homes traballan nun ritmo de monótono afán. Cando istes homes viñeron ó muiño, inda balaba o sol pol-os petontos. Os foles de millo e centeo ábrense valeiros nun longo desperezo. Vanlle calmando a fame con apagada fariña. Na roda áspera de pedra coma nun sacrificio quedan estruxados os corozos rientes, e can pol-as artesas os graus afogados repicando ó morrer. Xa as horas foron aburatando o día e é preciso encender un candieiro de latón. Tamén se encende nos beizos unha canción, unha canción sonámbula que trisca na penumbra.

Ronca a roda do muiño. Colle algún un pandeiro e peneira as cancións flotantes que choutan pol-o estrado. Cecais a gaita rache, fie e desfie com' un fuso, a melena loira das cantigas onde tremen todos os ourizontes de oito séculos. Ábrense os brazos com' un calvario e baixa xa un mozo á sementar pasos de muiñeira. A danza frorece e o traballo acouga na roda do muiño que testea monótona com' un berce.

ESTÉTICA DA DANZA

Non é unha novedá pra ninguén que a danza foi o primeiro vaxido artístico que a humanidade emitiu. A ollada retrospectiva descubre que sómentes algus pobos chegaron a conquistar a intención plástica ou lírica, e foron mui poucos os que alcanzaron a alusión dramática. Pro ningún Cuvier deixou de atopar, nos máis vellos estratos históricos, o fósil isolado de unha coreográfica iniciación.

Podrá o viaxeiro, que en procura das nocións vellias percorre delectante os vastos museos viventes de África e Oceanía, hachar pobos onde hasta sexa discutible si hai ou non a penumbrosa intuición da divindá, coma Max Müller quería, mais atopará sempre, nos espazos valeiros onde inda treme o aire á lembranza do corpo dos plesiosauros, o rescaldo artístico d'algũa danza inxénua.

Ten cada ouxeto cando erecta hastr' o home o fio da sensación un equivalente léxico; ten análogamente un equivalente xesticular. ¿Nomear unha cousa, decíamos denantes con Unamuno, non é en certo modo crealo? Si, añadimos agora; pór nome a un ouxeto é crealo en parte, pro é tamén en parte reconcelo, por que hai algo de arbitrario, de espontáneo, de estético, de creado no linguaxe, pro tamén hai algo nil de comprensión, de definición, de recoñecemento en fin. Pónse nome as cousas, expresa Bergson, dimpois d' unha previa ollada en que, o home extrae da cousa os parciais fenómenos de utilidade. Cantamos no ouxeto aquilo en que nos é útil, añadimoslle dimpois bocanadas de inutilidade e utilidade. Faguemos de recoñecemento e de capricho, de cencia e de arte unha concreción; esto é, faguemos un nome. «Nihil est in intellectu quod prius non fuerit in sensu... nise intellectus ipse» añadió Leibnitz.

O home conoce as cousas porque antes as sente; a emoción é precursora do concepto. A exteriorización da emoción—mímica e pantomímica—é pois anteriore á exteriorización do concepto, que é o linguaxe.

Cando ind' o neno non sabe que o can se chame a can, chora e se axita ó ouvir seu irraptor la-

drido. Non ten o neno por qué ocultar a transeunte emoción. Tampouco o home primitivo tiña porque recatar a emoción camifante; a balbuciente sociabilidade de entón non lle impedía mostrar sua persoal impresión. Mímica e pantomímica eran por tanto un reflexo de sensación cando inda non había un reflexo de ideas. Eu penso que o primeiro auto de Adam ó pousar seu peso sobre do planeta foi algo asína coma unha infradanza.

Pero mímica e pantomímica son xa casi baile, mímica e pantomímica foron íntegramente baile cando o home as peneiron na penela da reflexión, cando o home lle otorgou ritmo, esto é, cando lle otorgou lóxica, cando lle otorgou vértebras que solidarizaran os autónomos además.

Anda, por tanto, trabucada a opinión que atribúe a xénese do baile á un pulo relixioso. Iste naceu inmune ó contaxio da relixiosidade, e foi sómentes ofrecido os deuses cando xa estivo plenamente desenrolado, cando foi un arte, o millor presente pois que os deuses podían apetecer.

Nos rebaños de entrañas sangrantes, entr' os froitos excelsos formaban as danzas coma o diezmo mais caro. De iste xeito as multitudes levábanas ós torturados fogos nas valeiras cunhas das mans. Com' a espiga arrincada á natureza, pol-o traballo, ib' á danza ofrecida; dimpois de todo era outro traballo mais, outro concreto trunfo fronte á natureza rival. Ben o saben os aldeans galegos sin sabelo, cando levan ás festas o arte que conqueriron á forza de traballo e de arrebatado, á forza de entusiasmo e de cencia.

Mellor que a mellor espiga decapitada no milleiro, e o pan loiro amasado entr' o suor da fronte gotexante com' unha estrela, mellor qu' o ramo axitado multicromamente; e as probes cadelas pousadas no peto ó xeito de redondos bicos sooros, é, pra Dios a muiñeira que brinca pol-os montes, como diría Petrarca, pol-os montes acesos co' un verde fogo.

quimera) abstraiute ou alumeante (millor dirían escurecente) e do intelixente, d'onde xurde o universal, coma é por eixemplo a verba animal. Levan a cousa á tal punto qu'a verba burro significa a mente d'ises lóxicos que non poden comprender se non foi formada a verba común burro; cando calquera d'iles é un burro particular. Que che parece? Que outra cousa é isto se non verbas e tonterías? En verdade, certamente. E o mesmo se pode dicir dos termos simples.

Os que chaman categorías, cantos, cales e qué son? Nada, parvadas. Logo, á unhos termos chaman equívocos, á outros unívocos, análogos, denominativos, termos, voces, verbas, dicións, simples, compostas; complexos, incomplexos; mentás, vocás, escritos; á placito, á natura; de primeira intención, de segunda intención; categoremáticos, sin categoremáticos; vagos, confusos e outras innumerables denominacións das que derivan outras e en col d'elas fan sutís discusións, tan sutís, qu'ó mais pequeno golpe, empuñallas á nada.

Cecais ti chamas a isto saber? Eu chámolle non saber. Mais agora principiamos; si xuntas unha verba á outra, iste traballo da por resultado: suxeto, padricado, cópula, proposición, definición, división e argumentación. De novo, d'estas xarden outras infinitas especies, diferencias e condicións. Qu'imos dicir d'isto? Namentras afirman perfeccional-o entendimento coa cencia, fanse tolos; os que deberan investigalas causas e as esencia das cousas, o que din faguer inventan novas cousas, e é mais douto aquil qu'as inventa en número meirande e mais escuras: por isto escribiu Aristóteles a cencia dos sofismas. Así unha flución resolve outra flución e un cravo mete outro cravo. A min imítanse os nigrománticos y-encantadores, antr'os que teñen por mais agudo á aquil que bulra, fai inútiles, derrama ou impide os procedementos e tentativas de outro. Foi o que n-outro tempo os ímpios obxetaron ó divino Moisés tocantes á Serpe que devorou ós magos. Así, estes encantadores modernos confiados nas verbas, preséntanse sabendo moitas cousas, pra non seren argüidos d'ignorancia; eu, pola contra, confeso de boa gana a miña ignorancia, e de millor gana descubro a d'iles. Eu non sei nada. Menos saben iles Pra que, logo, con verbas escuras, escurecen as nosas mentes? Isto tocantes á verba *habito*.

Imos ver agora o que é a *demonstración*. Defínala de novo: *sylogismus scienciam pariens*. Cometiches un círculo vicioso; engañácheste á ti mesmo e á min. Pois, que é o siloxismo? Maravilloso! Aguza o ouvido, despliega a imaxinación, non sexa que non comprendas tantas ver-

bas. Que sutil, que estensa e que difficile é a cencia dos siloxismos! Realmente é sutil, estensa, difficile e de ningún valor a cencia dos siloxismos. Ay! blasfeme! Certo, porque dixeran a verdade. Xa son dino de que me lapiden; mais ti mereces que che zurren por que nos engañas. A ignorancia decote merece que a disculpen; a superchería, o suplicio.

Escoita: próbame qu'o home é ente; has dicir: o home é sustancia; esta é ente; logo o home é ente. Eu dudo da primeira proposición e mais da segunda. Ti halas probar así: o home é corpo; iste é sustancia; logo o home é sustancia. Volvo dudar d'ambas proposicións. Ti dis: o home é vivente; iste é corpo; logo o home é corpo. E eu sigo dudando d'estas proposicións e ti sigues: o home é animal; iste é vivente; logo o home é vivente. Meu Dios, canta verba, canto farrago pra probar qu'o home é ente! A proba é mais escura que non a cuestión. Aínda nego qu'o home sexa animal. Qué dirás? Non hai mais xéneros. Pr'onde vas fuxir? Dala definición d'animal que é un vivente que se move e que sente: tal é o home. Eu nego as dúas cousas; prosigue. Vivente é un corpo que se mantén, igual é o animal, logo... Proba iso. O corpo é unha sustancia que ten tres dimensións; tal é o vivente, logo... As dúas son falsas. A sustancia é un ser *per se*; tal é o corpo, logo... Isto tamén eu quería que se probase. Nono podes faguer. Finalmente, que é o ente? Inóralo com'enantes. Que conseguiches cos teus siloxismos? Non probaches qu'o home fora ente, que é o qu'eu che pedira ó principio; mais ben, xa descendendo, xa ascendendo pol-a tua serie pra que tan outo Ente se chegase á min, n-un gran medo de que caíndo todo t'esnaquizaras, e á min tamén si me pillas debaixo; e pol-o derradeiro, deixachel-a cuestión tan dudosa com'enantes, ou aínda mais.

Agora ben, ti parecías probares somentes as primeiras proposicións e non chegaches á probal-as segundas. S'houberas probado as primeiras e houbéramos chegado ás segundas, n-elas habíaste perturbar moito mais. Pra qué logo, m'engañas coas tuas concatenacións de verbas? Mais facilmente ca ti, demostrareino eu. Ente significa total-as cousas, home, cabalo, burro, etc.; logo o home é ente: o cabalo e mais o burro son entes. Si me negas, o primeiro, nono probarei, pois non sabería. Próbame ti a min, gi sabes. Tampouco sabes. En consecuencia, nada sabemos.

(A seguir)



SECCIÓN ARQUEOLÓGICA

O Castro A Cidade En San Ciprián de Las

NOVAS CONSTRUCIÓNS NO SEGUNDO RECINTO (1)



OSTANTES no noso propósito d'adequar, denantes de començar a escavación sistemática d' este castro, unha impresión de conxunto, que nos permitira apreciar non só a extensión da zona edificada, si non tamén o carácter arqueolóxico do yacimiento, despois d'arrematar de valer os fondos d'habitación á que facíamos referencia no número 12 d' esta revista, dirixímonos as nosas esportacións á parte do ponente do segundo recinto amurallado, e n-ela puxemos á descuberto os restos d'habitación que imos describir seguidamente.

O que primeiro s'escavou foi unha construción reutangular de 5 ms. por 3-45 de lado, feita de pedra ben labrada, con tendencia á formas regulares, e presentando paredes unidas con esquinas agudas e perfectamente escadradas.

Ista construción conservaba aínda n-un dos seus lados mórtes, unha porta de 1-24 ms. d' ancho pero da cual desapareceran as pedras da lumieira e das xambas.

Foi posta despois ó aire parte d'outra construción de gran tamaño, pois ó parecer as súas

paredes, que son d' un xeito construtivo análogo ó anteriormente descrito, prolónganse considerablemente.

A parte por n-ós descuberta mide 10-62 metros por 4-25 e está dividida por un muro en dúas habitacións de 7-42 e 3 metros respectivamente. Non presenta sinal de porta, pero adosado á un dos lados mórtes e cerca do sitio d' arranque da parede divisoria, ten unha especie de contraforte feito con pedras pequenas medindo 1-25 por 0-65 metros, de forma trapezoidal e co lado máis estreito pegado á parede e que cicais servise a maneira d'escalón pr'alcanzar a entrada da casa que debía de sere bastante alta, pois o dito contraforte ten 45 centímetros d' elevación.

O ancho das paredes d' esta casa alcanzan a 62 centímetros e as da primeiramente descrita non pasan de 0-50.

Ouxetos de pedra

A mais das pedras cortadas en ángulo reuto, tan frecuentes en todas as citanias, foron atopados un anaco d' un *catillus* e dúas pedras, unha semiesférica e outra cilíndrica, escavadas fondamente en forma d' embudo e sobre cuia aplicación no-nos atrevemos á aventurar ningún xuício pol-o d' agora.

Ouxetos de metal


Por non seren moi frecuentes en poboados protohistóricos, os achádegos d' armas, foi pra nós unha sorpresa ó atopar dentro da máis pequena das casas denantes descritas, as dúas

(1) Véxanse os números 10 e 12 d' esta revista.

A MUÑEIR A



Por Mendes



espadas de ferro cuxa fotografía acompaña estas liñas.

O número 1 que mide 35 centímetros, dos caes 7, corresponden a empuñadura, encóntrase faltosa da mór parte das antenas, a pesar do cual, identifícase eraramente, pol-a súa forma, pol-o abultamento central do puño e pol-as características escotaduras da base da folla, cun tipo dos que se teñen xa alcontrado en Galicia os eixempres seguintes:

Un puñal, todo il de bronce atopado baix' os castros da Couboeira, (Mondoñedo) pol-o Sr. Villamil e Castro, e que é casi idéntico na súa forma ó atopado por nós. (1)

Unha empuñadura de ferro qu' apareceu en Riotorto tamén cerca de Mondoñedo e da que deu conta o citado Sr. Villamil e Castro no Museo Español de Antigüedades, e no Boletín da Comisión de Monumentos d' Ourense. (2)

E por último o qu' estudia o señor Maciñeira (3) alcontrado cerca d' un castro na comarca d' Ortigueira, e que ten a empuñadura de bronce e a folla de ferro, sendo tamén posíbre que perteneza a ista cras d' armas a folla de puñal que ten no seu poder un arqueólogo de Villalba e que o Sr. Villamil (4) é o Sr. Amor Meilán (5) dan como feita de cobre.

En troques, o que non ten parecido con ningún dos puñas galegos, nin xiquera con ningunha das armas da idade do ferro por nós coñecidas, é o número 2 da nosa fotografía.

Fundido nunha sola peza, present' as antenas estendidas a un lado e outro do puño en forma de cruz, e arrematadas por us cilindriños alongados. Baixo d' estas antenas ábrese o sitio do puño de traza semicircular e tan estreito (catro centímetros), que soño tres dedos caben n-il, facendo pensar si acaso semellante arma manexárase apoiando a palma da man sobr' as antenas ou collendo pol-a folla e deixando fora a empuñadura.

Istes dous eixempres, pertencen con toda seguridade ó Hallstattico ibérico, aínda q' un e outro, pero sobre todo o segundo, teñen suficientes caracteres diferenciáis pra podelos conside-



Espadas de ferro. (Fot. Soutoalego.)

rar com' a tipos d' evolución propios de Galiza.

Apareceu tamén un alfiler de bronce de oito centímetros de longo de forma cónica moi alargada e coa cabeza ou cobre-puntas provista de resaltes circulares. Esta cabeza ou cobre-puntas cicais estivera terminada por unha perla de vidro ou algún adorno análogo, pois presenta no remate un hoco que parece feito coma pra servir d' asento á un remate d' ise xénero.

Ouxetos de vidro

Redúcense a unha perla de pasta vidrosa, verde, con ollos brancos e azues, igual á descrita no número 12 d' ista revista, pero máis pequena e de forma cilíndrica.

(1) Productos de la Metalurgia Gallega en épocas remotas número 36 e seguintes.—Lámina VI.

(2) Id. id. Lámina V.

(3) Boletín de la Real Academia Gallega 1900.—número 25

(4) Art. cit. Lámina VII

(5) Historia de la provincia de Lugo.—Tomo I

Moedas

Apareceu un denario romano da época republicana, do século II.

Cerámica

Atopáronse un anaquiño d'unha taza con incisiós en forma acordada, un testo d'un xerro coa característica decoración en S e varios testos adornados con resaltes de seución triangular, colocados algúns d' eles na parte interior dos bordes dos potes.

Respecto á cerámica lisa aparece bastante basta pero espallada de tal maneira qu'a pesar dos nosos esforzos non conseguimos refacer ningún vaso. Soilo podemos apreciar, qu' hai dous tipos que se replten con moita frecuencia; un pertencente á unha vasixa feita de barro roxo e ordinario, de paredes grosas, e outro de barro marelo pardo mais fino, e que deben formar parte de potes que tiñan a boca ancha e revirada e


que estaban espostos mais c-os primeiros á auga do lume. Ningún cacho presenta sinais d' estar feita a torno.

Como detalle negativo podemos dar o non habers'alcontrado dentro nin fora das habitacións últimamente descubertas, nin unha soila tégula nin un anaco de cerámica craramente romana.

Pra terminar

Acabadas as nosas esporaciós, suspendere-mol-os traballos durant' o inverno, pra voltar a comenzal-os d'unha maneira sistemática na próxima primavera, dependendo a intensidade d' estes traballos, do rumbo que tomen as xestíós que temos emprendidas cerca de determinado organismo pra conseguir un auxilio pecuniario que nos premita rematal-a tarefa que temos comenzado baixo tan felices principios.

FLORENTINO L. CUEVILLAS



1, alfiler de bronce; 2, dola de vidro; 3, pesa de tear; 4 á 14, testos de cerámica;
15, denario romano. (Fot. Sisoniego.)

ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNO- GRÁFICO DE GALIZA

VOCABULARIO DOS CESTEIROIS DE MONDARIZ

(COMUNICADO POR E. PEINADOR LINES)

<i>Daleeste</i>	—	—	—	Cartas	<i>Flaña</i>	—	—	—	Camisa
<i>Delese</i>	—	—	—	Á ise	<i>Firriquito</i>	—	—	—	Saco, bolso
<i>Delora</i>	—	—	—	Fora	<i>Futra</i>	—	—	—	Guardia civil
<i>Docito</i>	—	—	—	Machado	<i>Fuíña</i>	—	—	—	Gato
<i>Donar</i>	—	—	—	Dar, pegar	<i>Fustauco</i>	—	—	—	Pau
<i>Donar</i>	—	—	—	Ir	<i>Gadamelos</i>	—	—	—	Dedos
<i>Dofeno</i>	—	—	—	Cabra	<i>Garne</i>	—	—	—	Vulva
<i>Dolordo</i>	—	—	—	Peso (5 ptas.)	<i>Galvadeira</i>	—	—	—	Bico, língua
<i>Champar</i>	—	—	—	Botar, deitarse, tirar	<i>Galrupar</i>	—	—	—	Falar
<i>Charramoneiro</i>	—	—	—	Ferreiro	<i>Galrear</i>	—	—	—	Falar
<i>Chaqueta</i>	—	—	—	Cadela	<i>Gaiñeta</i>	—	—	—	Cesta
<i>Chaqueta de Tebra</i>	—	—	—	Raposa	<i>Gandichar</i>	—	—	—	Comer
<i>Chaquete</i>	—	—	—	Can	<i>Gaviotas</i>	—	—	—	Maus
<i>Chapirvo</i>	—	—	—	Cobra	<i>Gandoizo</i>	—	—	—	Coitelo
<i>Chaco</i>	—	—	—	Can	<i>Garulas</i>	—	—	—	Uvas
<i>Chapona</i>	—	—	—	Chaqueta	<i>Gentivo</i>	—	—	—	Xente
<i>Chacurro</i>	—	—	—	Can	<i>Godouco de Xirlogota?</i>				
<i>China</i>	—	—	—	Rico	<i>Golfo</i>	—	—	—	Rio
<i>Chisguita</i>	—	—	—	Xusticia	<i>Gomarros</i>	—	—	—	Ovos
<i>Chirivellaina</i>	—	—	—	Costa, Outeiro	<i>Gorechos</i>	—	—	—	Castañas
<i>Chordo</i>	—	—	—	Ladrón	<i>Govellos</i>	—	—	—	Piollos
<i>Chumadeira</i>	—	—	—	Cepa	<i>Grodio</i>	—	—	—	Caldo
<i>Chumar</i>	—	—	—	Beber	<i>Gruño</i>	—	—	—	Porco
<i>Chupamezoas</i>	—	—	—	Barbeiro	<i>Guardapavelas</i>	—	—	—	Paraguas
<i>Chumo</i>	—	—	—	Viño	<i>Guichadeira</i>	—	—	—	Viña
<i>Egneiro</i>	—	—	—	Leite	<i>Guicho</i>	—	—	—	Viño
<i>Entaleigar</i>	—	—	—	Entender, saber	<i>Gurria</i>	—	—	—	Moza
<i>Enteleigar</i>	—	—	—	Entender	<i>Gurriote</i>	—	—	—	Moza
<i>Erena</i>	—	—	—	Bruxa	<i>Horve</i>	—	—	—	Madeira
<i>Ergueirar</i>	—	—	—	Fuxir	<i>Jabíl</i>	—	—	—	Diñeiro
<i>Esbirro</i>	—	—	—	Tiro	<i>Jabirno</i>	—	—	—	Abrigo
<i>Esbirradeira</i>	—	—	—	Escopeta	<i>Jaira</i>	—	—	—	Moza
<i>Esbirradeiro</i>	—	—	—	Revólver	<i>Jans</i>	—	—	—	Piollo
<i>Escatino</i>	—	—	—	Mulino	<i>Jalrúa</i>	—	—	—	Bico
<i>Escaramuiña</i>	—	—	—	Porta, Fenestra	<i>Jarrío</i>	—	—	—	Barrio
<i>Escoreneiro</i>	—	—	—	Reló	<i>Jina</i>	—	—	—	Destiño que leva
<i>Escorena</i>	—	—	—	Hora	<i>Jula</i>	—	—	—	Carne de porco
<i>Escrurió</i>	—	—	—	Porno	<i>Lavapio</i>	—	—	—	Ladrón
<i>Estoa</i>	—	—	—	Cabalo	<i>Lampaneiro</i>	—	—	—	Coello
<i>Estropeo</i>	—	—	—	Pé	<i>Ladoiro</i>	—	—	—	Bacalau
<i>Estueiro</i>	—	—	—	Cabalo	<i>Laeirar</i>	—	—	—	Cantar
<i>Faufurriña</i>	—	—	—	Presumido	<i>Longuiñas</i>	—	—	—	Botellas
<i>Farruscar</i>	—	—	—	Almorzar	<i>Louguño</i>	—	—	—	Centeo
<i>Ferrezar</i>	—	—	—	Traballar	<i>Loura</i>	—	—	—	Onza d'ouro

<i>Lucendia</i>	—	—	Luz
<i>Lucisantos</i>	—	—	Domingo
<i>Luceiro</i>	—	—	Día
<i>Lucio</i>	—	—	Día
<i>Lupasc</i>	—	—	Rico
<i>Lunguiño</i>	—	—	Aro
<i>Lloder</i>	—	—	Chover
<i>Mandadeiro</i>	—	—	Prato
<i>Machacante</i>	—	—	Peso (5 ptas.)
<i>Macheta</i>	—	—	Home
<i>Maneo</i>	—	—	Criado
<i>Manillar</i>	—	—	Xogo
<i>Marila</i>	—	—	Pita
<i>Marila de Tebra</i>	—	—	Perdiz
<i>Maricholas</i>	—	—	Patacas
<i>Marfalo</i>	—	—	Cigarro
<i>Majuela</i>	—	—	Finca
<i>Meca</i>	—	—	Ovella
<i>Meducas</i>	—	—	Medias
<i>Mesteos</i>	—	—	Uvas
<i>Mezoas</i>	—	—	Barbas
<i>Mirante</i>	—	—	Espello
<i>Mouriña</i>	—	—	Pulga
<i>Molendro</i>	—	—	Muiño
<i>Moyene</i>	—	—	Eu
<i>Motoa</i>	—	—	Ovellas
<i>Moreno</i>	—	—	Pote
<i>Morrón</i>	—	—	Filla
<i>Morveta</i>	—	—	Faguer bulra
<i>Moncha</i>	—	—	Cabeza
<i>Mouriñas</i>	—	—	Pulgas
<i>Muriñolas</i>	—	—	Patacas
<i>Murnar</i>	—	—	Fornicar
<i>Muxica</i>	—	—	Naranxa
<i>Muxija</i>	—	—	Crego
<i>Naveira</i>	—	—	Rameira
<i>Necaras</i>	—	—	Tetas
<i>Nente</i>	—	—	Non
<i>Nequeras</i>	—	—	Xastre
<i>Novies</i>	—	—	Novo

<i>Nurro</i>	—	—	Malo, cativo
<i>Odavios</i>	—	—	Cornos
<i>Onza</i>	—	—	Ouro
<i>Oretangea</i>	—	—	Augardente
<i>Oreta</i>	—	—	Auga
<i>Putao</i>	—	—	Home
<i>Pantalioques</i>	—	—	Pantalón
<i>Patameco</i>	—	—	Home
<i>Paraxais</i>	—	—	Rico
<i>Parar</i>	—	—	Estar
<i>Pachir</i>	—	—	Fornicar
<i>Pegeller a</i>	—	—	Pescantina
<i>Peludos</i>	—	—	Melocotós
<i>Perdigolas</i>			
<i>Perdigotinas</i>			
<i>Pias de Carolas</i>	—	—	Bispo
<i>Pias</i>	—	—	Grande
<i>Picueiro</i>	—	—	Gorro
<i>Pio</i>	—	—	Viño
<i>Pielo</i>	—	—	Borracho
<i>Piltra</i>	—	—	Cama
<i>Pinzo</i>	—	—	Rapaz
<i>Pirineo</i>	—	—	Outo
<i>Polvurosa</i>	—	—	Fariña
<i>Porlas alvas</i>	—	—	Pola mañá
<i>Portear</i>	—	—	Vir, tragner
<i>Poniente</i>	—	—	Chapeu
<i>Populoras</i>	—	—	Tetas
<i>Prelas</i>	—	—	Sol
<i>Purria</i>	—	—	Pillo
<i>Queicoa</i>	—	—	Deus, Eirexa
<i>Queicir</i>	—	—	Cair
<i>Quinzar</i>	—	—	Ollar
<i>Quintarrenias</i>	—	—	Paraguas
<i>Quitaparelas</i>	—	—	Paraguas
<i>Ralvar</i>	—	—	Defecar
<i>Rancha</i>	—	—	Noite
<i>Rancios</i>	—	—	Ovos
<i>Ranquete</i>	—	—	Militar
<i>Rasquear</i>	—	—	Pagar

NOTAS DEPORTIVAS

Fora o noso desexo comentar estensamente a actuación vasca n'a América conformes prometera no número den anterior, pro desistin por oporse grandes razóns, sendo a primeira é principal, o que a dita «tournée» foi un verdadeiro fracaso, constituindo cáxque todol-os partidos xogados «débacles» espantosas pra todol-os representantes de Vasconia. Non embargantes, parece ser que non todo o fracaso pódese acha-

care ó «once» capitaneado por Arrate, xa que o xogo desenrolado pol-os uruguaicos é portefios deixou moito que desexar o mesmo que o árbitraxe. Si teño que sere sincelro, dírel qu' aínda tendo que peneirar este xuício, xa que moitas vegadas achácaselle ó «referee» moitas derrotas, (é sinificativo que os checos no segundo match cos arxentinos quixeran se retiraren do campo pol-a parcialidade do árbitro) en canto ó pir-

meiro, tudo resulta pálido coa realidade, pois o telegrama enviado por Díaz, presidente da escurión relévanos de todo comentario.

Dice eisi o parte telegráfico:

«Lamentamos xucios aventurados de Guipúzcoa, descoñecendo maneira xogo arxentinos e urugúalos de mancar xogadores, tapando estas novas Prensa por non alarmar familias. Saludos.—Díaz».

De todas sortes, e aínda tendo en conta as circunstancias apuntadas, temos de recoñecer qu'os cadros sudamericanos son ben superiores, sendo outamente louvable o labor que fan en toda cras de deportes especialmente no foot ball no que demostran pódense tuteare cos equipos de mais sona do continente europeo.

Recoñecida a súa valía en canto ó xogo, fai falla convir que dempois dos partidos dos vascos é checos non son os porteños nin os urugúalos xentes apropiadas no que respeta a dar o César o que é do Cesar, posto que se consideran xa pouco menos que invencibles.

D'un fardel cheio de revistas é xornaes arxentinos que teño á vista, saco en consecuencia que os vascos son pouco menos que unhos principiantes e que a representación mais outa do foot-ball español (dicen de Montevideo) sexa tan cativa, consideirando que as nosas fazañas de Ambers foron unha *macana*.

Dense conta os queridos equipiers de alén o Atlántico, que do equipo que en Ambers repre-

sentou á España, fallan sementes esas *mediarías* de Zamora, Otero, Peña, Vallana, Moncho, Samitier etc. a mais de Alcántara que é unha estrela de primeiro orde. Que si ben é certo que antre os expedicionarios figuraban os «olímpicos» Patricio, Arrate, Eguiazabal e algún outro, non polderon estes desenrolar todo o seu xogo por atoparse esgotados e haber feito a escurión poucos días dempois de xogar moitos partidos do campeonato da España é descoñecer en absoluto as partes compoñentes do once feito a toda presa por algúns que iñoran o mais esencial n'ista materia e a quen eisixírase estreita conta da súa conduta que demostrou unha vegada mais a súa ineititude.

Findarei pois recomendando ós porteños e urugúalos que sin deixar de recoñecer o seu valimento, é mester non engalolarse co trunfo que pode ser discutíbel, aínda mais que me remito ás probas de demostración que farán na próxima Olimpiada de París de 1924, á que creio asistirán. Aló, con público, campo e árbitros descoñecidos i-en loita con equipos de todas as nacionalidades, xa veremos si desfán as dúbidas que por oxe temos en concederlles ise rubro de «balompedistas mundiales» agardando que terán ademais ocasión de recoñecer que os españois de Ambers, son *xente* no deporte do balón redondo.

• GOAL

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

JOÃO PERALTA

Aínda tivo NÓS outra fonda tristura: a morte do ilustre pintor portugués João Peralta, noso representante no Porto, unido á moitos de nós, principalmente ó noso direitor por unha antiga amizade. Era João Peralta un esquisito e puro artista, d'unha soave e doce sensibilidade, qu' o público galego pudo admirar na súa Exposición na Cruña o outono pasado. Xa conquerira enantes, no Porto e mais en Lisboa grandes trunfos na súa arte. Era das almas acesas qu' en Portugal responderan co corazón cheo d'esperanzas ó espartamento do espírito galego. Qui-xo tamén chamarse noso irmán, e con'irmán levámolo na i-alma e choramos a súa ausencia irremediábel.

O HOMAXE Á ASOREY
EN CAMBADOS.

Foi unha xuntanza unánime de toda a mentalidade galega, de todas as *forzas de creación* con que Galiza conta no alborexar do seu rexurdimento, congregadas todas á unha —cantas veces temos visto esto?— á carón do grande artista plasmador da Raza, pra l'ofrendal-a *consagración*, consagración mais outa qu'a que poden conferir todas as medallas e toda a bambolla das distincións oficiais.

A imprensa galega xa dou conta en concreto d'aquíl auto grande e fermoso. NOS estivo representado no homaxe.

TAMÉN SE FESTEXOU

O xenial arquitecto Anton Palacios en Vigo e Vilagarcía.

O gran Sotomaior no Ferrol.

O ilustre paisaxista Llorens na Cruña.

A Xan Luis e mais ó noso compañeiro Camilo Díaz en Santiago.

CAMILO DIAZ

marchou pr' Alemaña, pr' estudal-os adiantos derradeiros da esceografía e a pubricidade. Despois dirixirá en Madrid os talleres da Empresa Fraga, cada día en camiño de mais xúrdias realizacións. Fraga é un empresario xenial, e ademais sabe escollel-a xente. O Camilo é unha boa proba.

VENTO MAREIRO EN PORTUGAL

Ramón Cabanillas é un grande Poeta nessa lendária Galiza, onde tudo é lenda, saudade, lirismo e beleza.

A Galiza é un beijo do mar e da terra.

A Europa como abre lábios floridos em Portugal e Galiza e vai em sorriso de flores e perfumes ao ósculo salgado e espumoso do Atlántico.

Come se a Terra da mais remota Lenda, a Atlántida, tivesse, ao submergir-se, erguido num esforço todos os seus tesouros e os confiase á onda alterosa que se amansou no beijo destas suavísimas terras. A Galiza e Portugal são duas flores, estrelinhas de beleza, suavidade, mansidão e ternura.

A terra da Galiza é relva de ternura, é o regaço da sua santa Rosalía de Castro.

Vento Mareiro é mais uma fala da nobre e formosa Galiza.

Se quizessemos dar um brinde aos nossos Avós, bém portugueses, não teríamos nada melhor que este livro, filho da terra galega; Tam irmã ela é de nossas terras do norte!

A lareira, os emigrantes, as orações da noite pelos que andam nas águas do Mar, a lealdade à terra e seus amores o culto da lavoura como a arte de arrancar da terra novas belezas e bondades, a saudade do velho tocador de gaita de folas, o ímpeto heroico, a rebelião indomável dum amor pela independência e liberdade dum torrão sagrado, que non se deixará desnacionalizar: tudo isto é a velha alma celta, vagamundeando por entre as brumas (brétemas) a sebastianizar-se em novas esperanças de Redenção e Liberdade.

Um livro que é galego e que vai também deitado na alma de todo o português ao despedir-se, na morte, desta bendita terra, que, como a galega, no dizer de Vicente Risco para ser o próprio Céu só lhe falta a eternidade.

LEONARDO COIMBRA

(De *A Aguiá*)

LIBROS

POEMA DE TENTACÃO

por AMÉRICO CORTÉZ PINTO.

Siñado de cruces bermellas, epigrafiado coa salutación dos xudeus ó Cristo triunfante do Domingo de Ramos (o *Sanctus* da misa), dedicado á Nosa Señora (*Te Deum laudamus*), empanicado d' iste xeito en sagradas invocacións, e aínda imprentado en roxo e negro, com' os libros litúrgicos, esta presa de poemas místicos, pretenden ser unha nova teoría da humildade.

A l-alma do autore, acesa en ansias d' ascensión gnóstica, érguese arelante car' o ceo, ebria

da Saudade de Deus, da que fai arte i-estética. N-outro libro—*Senhora da Renuncia*, 1918— tñia dito xa:

«A Arte é sempre para o meu olhar,
A Torre de Babel ao Céu erguida,
É a tentação inútil da escalar!»

Diste xeito, o estrevelamento, a audacia d' iste poeta que «sofre da Grandeza do Senhor» é tan grande, que sendo, coma se ve, fondamente cristiao, fala caxeque sempre na fala do pan-teísmo:

«E eu não quizera sentir Deus em mim...
Quizera só-Lo!»

Eis, asegrún il, a suprema humildade, porque «Quen sobe a Deus mais se aniquila»... A exérese detida do libro, que non cabería n-istas notas, habíanos tragner algunha craridade en col de certos aspectos, os mais interesantes, do pensamento portugués contemporáneo, qu' oxe anda á descifrar un arcano qu' a Raza leva adentro da l-alma, cecais cheo de sorpresas o día que se chegue á acrarar...

E non habería n-elo unha loita xorda do sangue celta contra de todo o que en Portugal lle caíu por riba?

CANTARES DA TERRA,

por F. SALGADO

e LOPEZ QUIROGA.

Feitos ó xeito popular, coas verbas, os pensamentos e os sentimentos mesmos do Pobo rural, do enxebre e puro Pobo galego, com' un mozo mais qu' os cantara na ruada, collendo a poesía no primeiro deitar da sua fonte escondida, estes *Cantares* teñen iso d' entocionador e de dino de loubas.

O Dr. Marcelo Macías fixo pra iste libro unhas verbas limiares, nas que non somentes retrata tal cal é a l-alma do libro, senon que sinala a sua nobre e arcaica xenealoxía.

Son versos os do Sr. Salgado e Lopez Quiroga que, saídos d' unha inspiración parella á do Pobo, ó Pobo poden voltar á seren n-il patrimonio común, cantados por todol-os beizos.

Abonda isto pra esprical-o éxito que ten iste libro, no qu' ademais, aínda as cántigas están coleccionadas coma n-un Canzoneiro popular.

CINCUENTA Y SEIS

POEMAS, por JULIO

J. CASAL.

Eis qu' o poeta sinxelo e sentido de *Humildad* pasouse ó Ultraísmo, (Madrid, 1921). E eis un libro que trai por baixo do título en verde, un as de *carreau* en negro, ou sexa ca coor invertida. Imos ver o que nos conta o noso amigo...

Cincoenta e seis poemas novos—eu millor lle chamaría novos que non ultraístas—d' unha novidade en serio, c' un humorismo inxénuo d' abondo, e ás veces c' unha migalíña de filosofía que, cando non é camposamoríña, está ben. Eu coído qu' ás veces ate foi se cadra mais lonxe do qu' il se propuña:

«Todo lo nuestro, todo,
se lo quitamos a la Nada...»

Antropocentrismo, mais aínda do que suxetivismo: o home ergue a testa por riba das nubes, mais

«... Entonces,
¿porqué nosombrarnos si alguien
desde la nada, viene a hurtarnos algo?»

O boomerang voltou á man. Cánd'eu dicía qu'elqui a novidade iba en serio! O poeta de *Humildad* conserva logo elqui tamén a súa sinxela honradeza: ceibou a ideia, non ll'obedece e volveuna pillar... Imos ver: *Ultraismo* é unha verba; *Avangardismo* é o crebar un ritmo; *Creaclonismo* (*Cubismo*) é unha disciplina... Atopo isto:

«Hacia
el ultraismo»
«una alegre
y mundana
y ruidosa
carejada»

Mal andamos s'enxergamos d'iste xeito a modernidade... Crar' está que gran parte d'isa modernidade é así; por fortuna, a de Julio J. Casal non é así decote. Mais

«Es la existencia tan corta...
¡Y es tan hermoso pecar!»

E agora si que non podemos estar conformes. O pecado era moi fermoso antre 1880 e 1910. Agora, a Arte e a Vida son unha disciplina.

DE LOS PAZOS GALLEGOS, por XAVIER BOVEDA.

Quitando tres sonetos en col da obra d'Asorey, todos os outros versos d'iste libro, son de 1916 e 1917, cecais, se cadra, da millor época do Xavier Bóveda. A Galiza que se nos presenta n-estes versos, é a Galiza lexendaria e trágica do Valle-Inclán, sen dúbida fermosa, e suxerente, e que ademais é ou foi verdadeira... Verdadeira, anque, á nosa maneira de ver, teña o defeito d'estar enxergada dende a balconada d'un pazo, cando nós queremos millor vivila ó longo das congostras ou no eirado dos lugares—porque a Galiza do Valle-Inclán, por fin, non é mais qu'unha parte da Galiza nosa, qu'en Valle-Inclán, a paisaxe aínda non val mais que coma fondo pr'as figuras do drama, cando pra nós ten valor por si mesma, aínda desabitada... Aínda así, podemos dar por boa a Galiza do Valle-Inclán, e pol-o tanto a d'iste libro do Bóveda. Iste libro gustounos moito mais que *La Luna, el Alma y la Amada*, e n-il, o poema que recomendamos por riba de todos é o titulado *Rancia hidalguía*. E agora, á desvalleinclanizarse...

ORTO (Poemas), por FRANCISCO LUIS BERNARDEZ.

Eis o primeiro libro d'un poeta galaico-arxentino, que chegou d'aló á visitar á súa velliña abuela, e dedicalle tenramente unha parte do seu *Orto*, a meirande. Por que o libro ten tres partes: *Glosario Valleinclanescas*, *Poemas de la Aldea* e *Poemas de mi tierra*. As dúas primeiras partes falan de Galiza; a terceira da Arxentina.

Pol-o xeneral, os poetas d'afora teñen a súa visión de Galiza un pouco falseada, por qu'adotitan ollala pol-as antiparras do Valle-Inclán, e logo resulta que ollan unha Galiza mais de libro que de certo. E un pouco d'isto pasoulle tamen ó Francisco Luis Bernardez, quen enantes de nada pasou por un longo glosario (vinteen sone-

tos) da obra d'aquél Mestre que nós, os da terra, temos xa caxequ'esquecido de todo... E somentes despois do glosario veñen os seus poemas persoais de Galiza, e craro, conserva unha lembranza tan fonda do ritmo valleinclanescas, que n-unha fermosa *Jaculatoria a Suevia*, resoan ecos da pompa de D. Ramón, coma «las divinas gaitas pastoriles», «los andantinos de las pastorelas», «los celtas debajo del roble foral...» Mais despois veñen cousas coma *Hogareña*, *Amancida* e outras, nas que xa a impresión é celbe e persoal, propia e rústicamente pura, coma nós queremos.

Os poemas arxentinos teñen mais pulo, mais novidade. Destácase unha cousa moi espontánea, moi sinxela: o *Intermedio criollo*.

AS NOVELAS DE «CÉLTIGA»

AXÚDATE e O MANCIÑEIRO por E. CHARLÓN e M. HERMIDA.

Son dúas graciosas i-enxebres pezas de teatro dos dous coñecidos autores cómicos ferroláns, dos que xa nos temos ocupado, cando foi da publicación de *Mal de moitos* e de *Trato a cegas*. Com'estas, *Axúdate* e mais *O Manciñeiro*, son tamén pezas coñecidas e representadas con éxito, mail-as edicións das cousas do Charlón e do Hermida agótanse aíxíña—tanto apreia o noso público estes sinxelos e ben presentados cadros de costumes, cheos d'humorismo e d'intención (*pariterque monendo*)—asi que fixo ben *Céltiga* en reimprentalos, pr'espallal-a súa dos dous autores, tan merecentes d'ela.

A CUSTUREIRA por NICOLÁS GARCÍA PERRERA.

O volume 6 de *Céltiga* ocúpao esta noveliña sentimental do xoven escritor N. García Pereira autor de *Nó de Saloucos e Bagoas*, volume de versos do que xa temos falado.

Novela moi ben feita, do xénero aneidótico e realista, sinxelamente desenvolta n-un medio burgués, sen miga de pintoresco, senon metida no cotidiano, ten o estilo, que é o acomodado ó caso, e ten ademais a lingoaxe. García Pereira qu'escribira *Nó de Saloucos e Bagoas* c'unha ortografía arcaica e señorial de canzoneiro, revelándose d'ise xeito com'home d'estudo, escribe unha lingoaxe rica, enxebre, zelmosa e chea de sabencia. Xa vai isto dando caraute ós escritores do Ferrol, dos que sabemos que fan da nosa lingoaxe un fondo estudo, e elo avalora moito as súas producións.

UN OLLO DE VIDRO, por CASTELAO.

Unha volta mais teríamos que dicir qu'o humorismo é a cousa mais seria qu'hai no mundo... «Debaixo do humorismo hai sempre unha grande door; por iso no ceo non hai humoristas», escribiu Mark Twain, e estas verbas sirven de lema ó Castelao pra súa tremenda novela d'esqueletes. E despois dí pol-a súa conta: «Eu son dos que estruchan a cara prá palpal-a propia calivera e non fuxo dos cemiterios endexamais.» E o gran humorista fainos unha estórea macabra. O *macabrisimo* é un dos aspectos mais d'os estudos na arte do Castelao, cousa n-il e

ceais nos outros, de cote xungida ó humorismo. O humor é cousa das xentes reflexivas do Norte; é por de contado, cousa allea á Antiguidade clásica. Pois ben: o macabrisimo é cousa do Norte e da Edade Media. E pol-o tanto cousa nosa. O macabrisimo do Castelao é o macabrisimo dos primitivos flamengos, qu'il tanto ten estudiado. Il mesmo é un primitivo, un medievalista, con toda a gracia, e o espiritalismo, e o puro e san rusticismo popular das almas prerenacentistas. E o que queda en nós de puro e de bo, o que nos fai comprender ó Castelao.

REVISTAS E XORNAES

A AGUIA, Porto 1 e 2.

A «Renascença Portuguesa», que coa guerra entrara n-un período de dificultades que impediran a súa actuación regular, principia agora a saír d'il, colle nova vida e principia de novo a publicar a súa benemérita revista. A *Agua* comenza, pois, a súa 3.ª serie, e principia baixo a dirección do noso eminente colaborador e moi admirado e querido amigo Leonardo Coimbra. Baixo da conduta do insigne pensador, *A Agua* ha render á cultura portuguesa novos e brillantes servizos, coma xa emprincipia á faguelo, e unha nova era ábrese prá Renascença.

Mais qu'endexamais, NOS ten que recibir á *Agua* com'unha revista irmá, que no sustancial ha estar imbuída do mesmo espírito, e da que moito agardamos pra nosa obra d'afirmación da fraternidade galego-portuguesa.

Damos eiquí o sumario dos tres números:

1. Prosa: *O noso caminho*, *Helia*, por Raul Brandão; *Ideologia Republicana*, por Angelo de Moraes; *As doutrinas de Einstein, seu valor científico e filosófico*, por Leonardo Coimbra; *A Alma da Fonte*, por Pina de Moraes; Verso: *Oração Sebastianista*, por Teixeira de Pascoaes; *Trovador, Alen-Morte*, por Alvaro de Moraes; *A minha Voz-Sol posto*, por Alfredo Brochado; *Do misticismo saxonio* (duas traducións de Walt Withman e de W. Blake) por Luis Cardim. Arte: *Enchida do sr Adriano* e *De Tancos*, por Soares Lopes. Notas e comentarios: *Aguias de Portugal*, por Alvaro de Moraes.

2. Prosa: *Regresso ao paraíso*, por Leonardo Coimbra; *A Carta*, por Alvaro de Moraes; *Geometrias não euclidianas*, por Augusto Martins; Verso: *A minha ovelhinha*, por T. de Pascoaes; *Soneto*, por Américo Durão. Arte: *Domíngos*, por Antonio Costa; *Carta do Brasil*, por Alvaro Pinto; Notas e comentarios, por L. C. Bibliografía, por L. C. e A. de M.

A AGUIA, Porto, n.º 3.

Traí: *A Ave de rapina* por Américo Durão; un novo paso dramático d'esta moderna arte portuguesa rural, que leva dado unhas cantas obras capitais no teatro e na novela. *Vita nova*, versos por Antonio de Souza. *O misterio da arvore*, por Raul Brandão. *Suplica*, versos por Alvaro de Moraes. Siguen as *Doutrinas de Einstein*, de Leonardo Coimbra. *Notas e comentarios*, por Angelo Cesar. *Bibliografía*, c'unha reseña honrosa de NOS.

TEMOS RECIBIDO:

La Douce France. *Hermes*. *Revista Parlamen-*

taria de Cuba. *Heraldo Gallego* de Buenos Aires. *La Voz del Pueblo*, de Marín. *El Tea*, de Pontearas. *El Agrario Barcalés*. *La Ráfaga*, de Vigo. *El Pueblo*, de Pontevedra. *Hesperia*, de Madrid, etc. etc.

REXURDIMENTO,

revista quincenal, órgao dos intereses mariñás, Betanzos.

Leva xa publicados cinco números. Misturadas coas firmas ben coñecidas dos Quintanilla, Vilar Ponte, Cabanillas, traí nomes mais novos: M. F. Barreiro, J. Veiga Roel, Tomás López da Torre e outros.

Posto decididamente á caron do rexurdir galego, publica literatura antiga e moderna, artigos e estudos nazonalistas, novas locaes, notas de sport, e unha cousa moi boa: traballos referentes á vila de Betanzos e mais á rexión das Mariñas—com'os de Veiga Roel: *Nosas Ruas* e *A Porta das Doncelas*, e mais as *Tradicións brigantinas*—cousa boa coma mostra d'apegamento á Terra—sentimento concreto do torrón—cousa boa pola utilidade qu'elo pode ter pra coñecencia integral da Patria Galega. Os mozos de Betanzos—porque é iste un emprendimento de mocidade—enfian ben.

Iste xurdio esforzo dos betanzeiros é ben merecente de gabanzas e non ha ser NOS á regatearillas, posto qu'iles as saben ganar de seu. Deus lle dea longa vida á *Rexurdimento*.

XORNAES D'AMERICA

CORREO DE GALICIA.

Adica un gran número extraordinario ó *Día de Galiza*. Non imos faguelo inventario das moitas e boas cousas que traí: traballos en col de Santiago de Compostela, de personalidades ilustres de Galiza, unha breve e ben feita reseña das catro provincias, d'algúns sociedades galegas d'alá, orixinaes de Xavier Boveda, Eduardo Blanco Amor, Luis de Castro, e outros moitos, autógrafos de personalidades americanas, as primeiras impresións de viaxe de Xosé R. Lence, e outras moitas cousas dignas de nota.

Debemos faguer mención especial d'un poema do Excmo. Sr. Alberto d'Oliveira, Ministro de Portugal na Arxentina. Eilos:

IRMAOS E VISINHOS:

Guardam a fronteira de um e de outro lado
Do Minho fermoso, do rio encantado,
As lusas e galegas cotovias;
E mal rompe no céu o clarão matinal,
Logo se cruzam no ar as melgas melodias
Do seu perpetuo idyllio e madrigal:
—«Bons días, bom visinho e irmão Portugal»
—«Galiza, boa irmã, amada irmã, bons días»

Pubricáse tamén n-iste número un traballo do noso director, titulado: *O instante actual da literatura galega*.

En resume, é un número xurdio, indicativo de coma vai chegando ás colonias galegas da América—si ben mais adispacio do que nós quixeramos—o movemento glorioso do rexurdir galego, que xa non hai quen atalle, movemento que ten tanto de resurrección d'antr'os mortos.

O noso parabén ó Director de *Correo de Galicia*, noso querido amigo Lence.

NÓS

A INDUSTRIA DO MUEBLE EN GALIZA

A nósra Terra progresa a pasos de xigante en todas as ramas da aitividade. Unha proba palpable do progreso industrial en Galiza, oférceo o COMEDOR ARTÍSTICO cuxa fotografía publicamos, feito nos talleres de

RODRÍGUEZ SÁNCHEZ E VÁZQUEZ



Ourense, mercé á intelixencia e perseverancia dos **Hermanos Rodríguez**, e ó labor da sociedade GALICIA INDUSTRIAL, representa na nósra Terra e na Península ínteira, o mesmo papel qu'a cidade de Grand Rapids no Estado de Michigan; é un centro d' instrución pr' os ebanistas, dibuxantes e vendedores de muebles. Os **Hermanos Rodríguez** fixeron sin pensalo, qu' o nome d' Ourense, en tratándose de muebles, teña o valor d' unha marca de fábrica.

NOS

XASTRERÍA

FREIRE HUICI & C.^a

S. en C.

Real, 7 e 9, 1.º - A CRUÑA

MANUEL PEÑA REY

ESPECIALISTA EN PARTOS E DOENZAS PROPEAS DA MULLER

Deixou de pertencer dende o mes de Xunio ó Sanatorio Quirúrxico d'Ourense e continúa na súa clínica na **calle de Luis Espada 23-2.º** onde recibe a consulta e fai espracacións c'os

RAYOS X

Julio García Pérez

MÉDICO

Ex interno do Hospital Xeneral de Madrid

CIRUXÍA XENERAL

RAYOS X

Consulta: de 10 á 12 e de 4 á 6

APARATOS
Y
DISCOS

RELOXERÍA



Miguel Calviño

OURENSE

PRAZA MAYOR
Número 20, pral.

OURENSE

BANCO DE VIGO

FUNDADO EN 1900


CASA CENTRAL VIGO.—Sucursales e axencias en OURENSE, PONTEVEDRA, SANTIAGO, VILLAGARCÍA, MONFORTE, NOYA, BRANCO DE VALDEORRAS, CARBALLIDO, CELANOVA, CANTABRIA, LA ESTRAÑA, MARIN, RIBADAVIA, VERIM.

Tén Axentes e Corresponsaes no Reino y o Estranxeiro, especialmente nas Américas. Realiza toda cras d'operacións de Banca e Bolsa en xeneral. Ademite contas correntes e depósitos pol-os que abona os intreses siguientes:

CONTAS CORRENTES á vista.	2	0/0
DEPOSITOS a 1 mes prazo.	2	1/2
» a 3 » »	3	»
» a 6 » »	3	1/2
» a 12 » »	4	»
En CAIXA DE AFORROS deica 10 000 ptas.	3	1/2

AUGAS MINERO-MEDICINÁS, BICARBONATO-SÓDICAS

MONDARIZ



1000
F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

SOBRINOS DE JOSÉ PASTOR

BANQUEIROS

A CORUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE

REALIZAN TODA CRAS D'OPERACIOS DE BANCA E CAMBIO

ARNOYA FINO

significa o máximo da "delicadeza,, entr' os viños do Riveiro:
sabe ben, entona o corpo, da a cara y-está presentado con esmero.

Bodegas da Viuda e fillos de Xoa Fuentes
OURENSE